

## Promoción da D.O. Ribeira Sacra en Salimat Abanca do 8 ao 11 de xuño

O Salón de **Alimentación do Atlántico, Salimat Abanca**, forma parte da Feira Internacional Abanca Semana Verde de Galicia que se celebra en Silleda. Trátase dunha cita na que múltiples organizacións sectoriais, entidades de promoción, pequenos produtores, artesáns, industria e gran distribución uniranse para colaborar e facer negocio, impulsar o seu crecemento e resultados, reforzar o seu posicionamento e aumentar a súa visibilidade.

A **D.O. Ribeira Sacra** participa en **Experiencias de Calidade coa AGACAL**, tendo como principal actividade a **Cata de Viños da D.O. Ribeira Sacra** por parte do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra, que terá lugar o xoves, **día 8 de 17.30 a 18.30h.**, no marco de "Experiencias de Calidade". O resto de propostas con presenza da D.O. Ribeira Sacra son:

- Xoves, **8 de xuño** de 14:00 a 15:00h. Masterclass IXP Ternera Gallega e IXP Vaca Galega/Boi Galego con IXP Pan de Cea e IXP Tarta de Santiago e DO Ribeira Sacra, co Chef, José Manuel Mallón – Espazo Remollo (Ames, A Coruña)
- Sábado, **10 de xuño** de 13:30 a 14:30h. "Experiencias de Calidade" / Cata de viños galegos premiados nas Catas de Galicia 2022: DO Rías Baixas, DO Monterrei, DO Ribeira Sacra, DO Ribeiro, DO Valdeorras. Presenta: Sumiller Nacho Costoya
- Domingo, **11 de xuño**, de 11:30 a 12:30 h. "Experiencias de Calidade" / Cata-degustación IXP Pataca de Galicia e DO Ribeira Sacra. Chef: Criselda Iglesias – Tapería Lecker (Cangas de Morrazo, Pontevedra)